

ACTA DE FIN DE NEGOCIACIÓN ATENCIÓN PRIMARIA MESA SECTORIAL DE 22 DE FEBREIRO DE 2008

Pola Administración

- Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional
- Jesús Rey García
Subdirector Xeral de Calidade e Programas Asistenciais
- Manuel Ángel Blanco Ramos
Xerente de atención primaria de Ourense
- Juan Carlos Eirea Eiras
Xerente de atención primaria de Vigo
- Antonio Regueiro Martínez
Xerente de atención primaria de Pontevedra
- Jorge Yáñez Fernández
Director de Urgencias e Procesos Ambulatorios da Área Sanitaria de Ferrol
- Manuel López López
Subdirector Xeral de Réxime Retributivo e Xestión de Persoal
- Ana Comesaña Álvarez
Subdirectora Xeral de Políticas de Persoal
- Paula Oliete Trillo
Xefa do Servizo de Desenvolvemento Profesional
- María Ponte García
Xefa de Servizo de Relacións Laborais
- Alberto Suárez López
Servizo de Relacións Laborais
- Javier García Caeiro
Servizo de Relacións Laborais

Polas Organizacións Sindicais

- Xoán Cons Pintos (CIG)
- Xan Ramón Fernández Cid (CIG)
- Víctor Vila López (CIG)
- Manuel González Moreira (CIG)
- Begoña Peiteado Garrido (CIG)
- Lois Méndez Pérez (CIG)
- José M. Blanco Docanto (CEMSATSE)
- Cándido Andión Núñez (CEMSATSE)
- Manuel Nieto Pereira (CEMSATSE)
- M^a Jesús San Martín Outeiral (CEMSATSE)
- Carmen García Rivas (CEMSATSE)
- Rosa M^a Vilas Vidal (UGT)
- Javier Martínez Fente (UGT)
- María Elena Carracedo Durán (UGT)
- Pedro González González (UGT)
- Carlos Cancela Rodríguez (CSI-CSIF)
- Manuel González Vázquez (CSI-CSIF)
- Vicente Bello Bello (CSI-CSIF)
- Juan Carlos Herbón Flores (CSI-CSIF)
- José Ramón Lago Bouza (CC.OO)
- José Luís Marcos Luaña (CC.OO)

Na sede da Consellería de Sanidade, en Santiago de Compostela, o 22 de febreiro de 2008, a Administración Sanitaria e as organizacións sindicais con representación na mesa sectorial:

EXPOÑEN:

Tras o complexo proceso de negociación iniciado o 6 de novembro de 2007 sobre condicións de traballo e retributivas do persoal de atención primaria, as partes consideran que neste punto da negociación debe procederse en primeiro lugar ao fin da negociación e a sinatura, cos sindicatos que figuran no pé, dun preacordo sobre aquelas materias que terán inmediata incidencia retributiva e na organización da prestación da asistencia en atención primaria. Este acordo terá por obxecto:

1º.- Condicións de traballo e retributivas en postos de traballo de persoal médico de familia e diplomado en enfermería en PAC:

As melloras nos termos propostos pola Administración na reunión do 22 de xaneiro, coas melloras presentadas na reunión do 13 de febreiro engadindo e modificando as presentadas na reunión de hoxe, 22 de febreiro.

Así, tralas alegacións recibidas, analizadas, coa participación da dirección das xerencias, co ánimo de acadar o fin do conflito, a administración sanitaria realiza as seguintes propostas que son aceptadas polas partes asinantes deste acordo e que modifican as anteriores no seguinte:

XORNADA ORDINARIA EN PAC

- Con carácter xeral, a xornada ordinaria en postos de atención continuada en urxencias de atención primaria en horario de PAC será de 1430 horas anuais efectivas.

- Transitoriamente:

- En 2008: 1515
- Dende 1/7/2009: 1430

XORNADA COMPLEMENTARIA

- Voluntariedade: A opción realizarase nos tramos que se determinarán na comisión de seguimento deste acordo. Os tramos teñen como límite mínimo 230 horas e máximo de 660.

- Prestación: terá como finalidade principal garantir a cobertura da prestación necesaria en horario PAC. Os plans funcionais, onde se recollen as características da prestación, horarios e presenzas en PAC, serán determinados previa negociación entre as xerencias e as comisións de centros. As necesidades de cobertura en PAC das opcións de voluntariedade poderán

estenderse ata o 80% das máximas do tramo escollido, agás opción voluntaria para a súa extensión ata o 100%.

- A posibilidade de extensión da xornada ordinaria ata as 1570 horas anuais, no caso de insuficiencia de voluntariedade, se orientarán ás horas estruturais vacantes na carteleira para cubrir incidencias derivadas de ausencias, tales como IT e demais continxencias previstas como de longa duración, redución de xornada, permisos maternais ou paternais, ou situacións similares, non podendo ser usadas para cubrir continxencias (situacións urxentes imprevistas).

- A xornada complementaria por riba das 1570 ou da opción voluntaria poderá estenderse a requirimento dos órganos directivos con base en necesidades asistenciais. Nos plans funcionais recolleranse os criterios para a realización de xornada obrigatoria. De non achegarse a acordo nas comisións de centro nalgún ámbito, a comisión de seguimento deste acordo determinará os criterios de cobertura da prestación polo persoal.

Nos supostos de falta de persoal dispoñible para o mantemento da asistencia debida, a dirección do centro poderá adoitar medidas excepcionais que impliquen a superación do límite de xornada, polo tempo imprescindible e mediante resolución motivada, co consentimento do profesional, condicionadas á adopción de accións na busca da restitución da normalidade. Tales supostos irán acompañados de medidas excepcionais de compensación, en xornada ou retributivas, á elección do traballador. Para estes efectos, as horas realizadas en exceso de forma obrigatoria por riba das 2090 horas anuais efectivas, compensaranse co dobre do seu tempo en descanso; ou cun 75% adicional do seu valor.

- Nos plans funcionais determinaranse os criterios para a cobertura das ausencias imprevisibles, que de non ser acordadas, se fixarán pola comisión de seguimento deste acordo. Se orientarán ao establecemento de fórmulas que

eviten a dispoñibilidade permanente do persoal voluntario e a garantir, en todo caso, o aproveitamento dos descansos regulamentarios incluído o dereito a un fin de semana libre ao mes como mínimo (segundo se estableceu no acordo do 21/06/07).

RETRIBUCIÓN

Aplicación dos complementos de nocturnidade e festividade:

2008: 40%

2009: 40%

2010: 1 xaneiro 2010 acadar o 100%

REORDENACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO DE XESTIÓN E SERVIZOS DE PAC:

Constituirase un grupo de traballo conformado por representantes da administración e sindicatos da mesa sectorial para estudar a reordenación dos postos de traballo de xestión e servizos dos PAC. En tanto non conclúa este proceso, que se iniciará coa elaboración de plans de ordenación de postos a facer polas Xerencias, que serán trasladados para a súa negociación en mesa sectorial, posibilitarase a repercusión retributiva mediante programas especiais transitorios nos postos de xestión e servizos nos PAC, ata a dotación das prazas que resulten. Estes programas están dirixidos ao persoal da categoría de celador, fundamentalmente en PAC informatizados, que asuman expresamente o contido funcional das labores administrativas do PSX, no marco da modernización e mellora na calidade do servizo, e serán retribuídos coa diferenza retributiva actual entre celadores e PSX, cifrada en 45 euros mensuais.

Disposición adicional

Sen prexuízo da vixencia temporal definida neste acordo, no marco da negociación do acordo xeral de condicións de traballo para todo o persoal do Servizo Galego de Saúde, poderán establecerse as condicións para a implantación dun complemento por traballo a quendas para o persoal dos Pac's se así o acordan as partes.

Dáse por rematada a reunión, con acordo entre as partes que figuran co seu nome e sinatura deseguido.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2008.

Pola administración:

Polas organizacións sindicais:

CIG:

CEMSATSE:



INFORMA



CC.OO:

CSI-CSIF:

UGT: